



concellería
de igualdade
concello de vigo

Concellería de Igualdade
Praza do Rei 1, 1º andar
T: 986 810 284
F: 986 430 082
ofi.muller@vigo.org
www.igualdadevigo.org

cam i ñ a con n ó s
P O L a i g u a l d a d e



concellería
de igualdade
concello de vigo





que é camiña con nós pola igualdade?

É un programa educativo elaborado e implementado dende a **Concellería de Igualdade do Concello de Vigo**, dirixido ao alumnado de Educación Infantil e 6º de Educación Primaria.

A finalidade do programa é fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos desde a comunidade educativa para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.

As memorias das anteriores edicións pódense consultar no seguinte enlace web: <http://www.igualdadevigo.org/?sec=7>.



que facemos en camiña con nós pola igualdade?

Movimos os pés e **xa somos 29 centros e máis de 2.200 alumnas e alumnos** da nosa cidade os que vimos participando nos obradoiros de camiña con nós pola igualdade para promover a igualdade de oportunidades entre nenas e nenos.

Coa túa colaboración, participando no programa que che propoñemos a través dunha **metodoloxía lúdica que ten como obxectivo reflexionar e promover a igualdade entre sexos, seguiremos avanzando neste camiño.**

Levaremos a cabo diversos obradoiros temáticos en horario escolar (máximo catro), adaptándoos ás necesidades do seu centro.

Este curso agárdanos un interesante e divertido paseo.

